

Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal de tres peóns para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais

CONSIDERACIÓNS:

Visto o escrito de data 12/07/2023 (Rexistro de entrada neste concello 2023-E-RC-3278) no que o candidato D. Mario García Paredes renuncia tras a fase de oposición do proceso selectivo.

Tendo en conta que o número de candidatos presentados á fase de oposición do proceso selectivo para o posto de peón e inferior aos postos ofertados.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril, esta Alcaldía RESOLVE:

Abrir, de conformidade co establecido no último parágrafo da base 8ª das que rexen o proceso selectivo, unha nova convocatoria urxente cun prazo de presentación de solicitudes ata as 23:59 horas do vindeiro mércores 19 de xullo de 2023 para que os interesados no posto de peón de brigada forestal, que reúnan os requisitos esixidos na base 3 das que rexen a provisión (código de validación: 7CLW9KDNQQGJLLNAWTGPT55EE) presenten a documentación necesaria par optar ao dito posto de traballo temporal.

Publicar na páxina web do Concello a apertura da nova convocatoria urxente de contratación, aos efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

